

FONDO GALEGO DE COOPERACION E SOLIDARIDADE

RUA LUIS BRAILLE núm. 40
CENTRO CIVICO SUR
36003 Pontevedra Pontevedra

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía deste Concello, con data 01/12/2023, ditou o decreto núm. 4030/2023, que copiado é do teor seguinte:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE PARA O APOIO Á SUSTENTABILIDADE DO CENTRO DE MENORES ESPERANZA, DE KATEMBE (MOZAMBIQUE)

EXPEDIENTE: 3261/2023

ANTECEDENTES:

En data 27/04/2023, D. Juan Antonio González Pérez con DNI 76987132Z, en representación do Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade (CIF G-15629629), vén de presentar a correspondente solicitude de subvención, para o apoio a sustentabilidade do centro de menores Esperanza, de Katembe, Mozambique.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. Acreditación de que o beneficiario reúne todas as condicións establecidas para poder obter a subvención proposta.

Da documentación aportada derívase o cumprimento por parte da entidade dos requisitos establecidos para acceder á condición de beneficiario dunha achega pública, nos termos establecidos no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 9 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDO. Motivos de interese público que xustifican o outorgamento da achega.

1. NORMATIVA BÁSICA DE APLICACIÓN.

1.a) En relación coas EE.LL., e para os efectos deste informe, a Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

1.b) En relación coa normativa sectorial de cooperación para o desenvolvemento: a. LEI 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e o DECRETO 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS. En síntese, non hai no ámbito estatal ningunha lei que expresamente outorgue a todas as Entidades Locais competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento. E resulta preciso acudir á normativa sectorial:

2.a) No informe da DIRECCIÓN GENERAL DE LOS SERVICIOS JURIDICOS COORDINACIÓN TERRITORIAL E INTERNACIONAL da FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS datado en 2014 que tiña por obxecto “Competencias de las EE.LL en materia de Cooperación al desarrollo tras la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local (LRSAL)” analizábanse as diferentes normativas autonómicas, entre elas: “GALICIA: Ley 3/2003, de 19 de junio, de Cooperación al Desarrollo (DOG núm. 128, de 3 de julio de 2003)”.

2.b) O 2 de abril de 2021 esta situación muda por mor da entrada en vigor da LEI 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia ao prever esta expresamente no seu artigo 98:

Artigo 98. Entidades locais

1. As entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas INFORME COMPETENCIAS EE.LL. GALICIA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO -2 competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos en que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidades diferenciadas, como a protección de dereitos sociais básicos, os servizos sociais, o urbanismo e a ordenación do territorio, a xestión pública dos recursos hídricos, a xestión ambiental, a igualdade de xénero, a educación para a cidadanía global ou calquera outro no marco das súas competencias.

2. As entidades locais e as entidades e organizacións en que se integren ou que as representen, como a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, constitúense en interlocutores permanentes da Administración autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento.

2.c) Complementariamente, mesmo xa con anterioridade ben podía facerse esa interpretación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro do DECRETO 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, por ser tamén posterior ao informe citado e normativa alí estudada, porque o Decreto de 2017 recollía expresamente ás EE.LL. como axentes de cooperación e regulaba o seu acceso ao rexistro de axentes de cooperación como tales, se ben por unha banda esixía dous informes previos en coherencia co informe da FEMP de 2014, e por outra banda ao ser norma con rango de Decreto podía suscitar dúbidas, resoltas abmas coa entrada en vigor da posterior norma de 2021 xa con rango de Lei, que é clara e elimina o condicionamento.

4. CONCLUSIÓNS. Dende a entrada en vigor desta nova normativa galega en materia de cooperación para o desenvolvemento, detallada no apartado 2.b) deste informe, resulta clara e expresa a atribución de competencia das EE.LL. galegas en materia de cooperación para o desenvolvemento, e mesmo o recoñecemento do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE como un interlocutor permanente, en tanto representa e integra ás EE.LL. neste ámbito.

Tras 25 anos de traxectoria, o Fondo Galego leva impulsados en torno a 150 proxectos de cooperación internacional en máis de 20 países, que son a manifestación da solidariedade do poder local galego. Tamén se levan a cabo outras accións non menos importantes como o programa de cooperación técnica Especialistas en Cooperar, ou a convocatoria bianual de proxectos para ONGD de Galicia.

O Concello de Ames, tendo en conta as razóns de tipo humanitario e solidario implícitas neste proxecto, xustifica e considera conveniente a concesión da subvención prevista. As Administracións públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias; apoio que se traduce, no caso concreto, na concesión dunha subvención que faga posible o sostemento do centro de menores.

TERCEIRO. Razóns polas que non resulta posible ou conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias aos concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia Lei 13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

CUARTO.- Acreditación da realización da actividade

Para a xustificación da subvención a entidade beneficiaria deberá achegar, a xustificación do cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos, xunto coa seguinte documentación integrante da conta xustificativa simplificada:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- Declaración responsable acreditativa dos seguintes extremos:

3.a. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

3.b. Que foron aboadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

3.c. Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3.d. Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia.

SEXTO.- Consta que a entidade beneficiaria non conta con outras achegas públicas para o financiamento deste gasto.

SÉTIMO.- Consta informe conxunto de secretaría intervención favorable á concesión.

En base ao anterior, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 1.500€ ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (CIF G-15629629) para o financiamento do apoio a sustentabilidade do centro de menores Esperanza, de Katembe, Mozambique.

1.1	OBJECTO	SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA O APOIO Á SUSTENTABILIDADE DO CENTRO DE MENORES ESPERANZA, DE KATEMBE (MOZAMBIQUE)
1.2	CARÁCTER NOMINATIVO DA ACHEGA	<p>O Fondo Galego de Cooperación e solidariedade é unha asociación sen ánimo de lucro integrada actualmente por 100 Concellos e as Deputacións provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra, unidas pola vontade común de contribuír a erradicación das desigualdades Norte-Sur, a través de proxectos de cooperación ao desenvolvemento con países empobrecidos e a sensibilización social en Galicia. O Concello de Ames forma parte do mesmo desde o ano 2003.</p> <p>A lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia recoñece ao fondo galego como entidade representativa da cooperación municipalista das entidades locais galegas, así como ter acompañado o labor da administración pública e das ONGD na configuración dun sistema galego de cooperación coherente cos principios e valores da solidariedade internacional, motivo polo cal é recoñecido como axente de cooperación e interlocutor permanente da administración autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento (exposición de motivos e artigos 96.3.a e 98).</p>
1.3	PERÍODO SUBVENCIONABLE	O proxecto vaise desenvolver no ano 2023.
1.4.	IMPORTE DA ACHEGA CONCEDIDA.	O importe da achega municipal é de 1.500€.
1.5	CRÉDITO ORZAMENTARIO DE IMPUTACIÓN DO GASTO.	O gasto derivado deste convenio resulta imputable á aplicación orzamentaria 2312.48021 do vixente orzamento municipal, no que existe crédito axeiado e suficiente para a súa atención.

1.6	ORZAMENTO SUBVENCIONADO.	Os gastos a xustificar terán que ser de 1.500 €.						
1.7	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Importe do proxecto</th> <th>CF</th> <th>Importe da Subvención</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>1.500,00€</td> <td>100%</td> <td>1.500,00€</td> </tr> </tbody> </table>	Importe do proxecto	CF	Importe da Subvención	1.500,00€	100%	1.500,00€
Importe do proxecto	CF	Importe da Subvención						
1.500,00€	100%	1.500,00€						
1.8	COMPATIBILIDADE CON OUTRAS ACHEGAS.	A subvención prevista neste Convenio é compatible ca percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria puidera obter para a mesma finalidade sempre e cando non superen o 100% do custe do proxecto.						
1.9	PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.	O Concello abonará a contía da subvención unha vez que se aprobe a conta xustificativa presentada polo beneficiario. Para o cobro da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.						
1.10	INFRACCIÓNS	O beneficiario quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85). Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.						
1.11	REINTEGRO	As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.						
1.12	CONTROIS	O beneficiario queda sometido aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.						
1.13	PUBLICIDADE	Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións e aos seguintes aspectos. As medidas de difusión do cofinanciamento deben consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, equipamento e mobiliario ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación. Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.						

SEGUNDO.- Aprobar o convenio de colaboración polo que se regula a subvención nominativa outorgada ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E A ENTIDADE FONDO GALEGO E COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE EN MATERIA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO

APOIO Á SUSTENTABILIDADE DO CENTRO DE MENORES ESPERANZA DE KATEMBE (MOZAMBIQUE)

CAPITULO 1: Identificación das persoas subscritoras do convenio e capacidade xurídica

Dunha parte: D. José Blas García Piñeiro, que actúa en nome e representación do Concello de Ames, con CIF. P15002001, na súa condición de Alcalde-Presidente do mesmo.

Doutra parte: Juan Antonio González Pérez, con DNI:76987132Z, que actúa en representación da entidade Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, con domicilio social en Rúa Varsovia, 4ºc, 6º andar, Area Central, 15703, Santiago de Compostela (A Coruña), con CIF G15629629, en virtude da súa condición de Presidente da entidade.

CAPÍTULO 2. Fundamento do Convenio

O Concello de Ames leva varios anos colaborando en programas de cooperación e solidariedade a través da súa participación no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade así como a través doutras iniciativas.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das súas liñas estratéxicas, manifesta o seu compromiso de promover o desenvolvemento dos países menos avanzados desde o seu municipio.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, e a existencia de crédito suficiente nos orzamentos municipais, o Concello de Ames ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade idónea para o desenvolvemento do proxecto APOIO Á SUSTENTABILIDADE DO CENTRO DE MENORES ESPERANZA DE KATEMBE (MOZAMBIQUE).

Dada a especificidade do colectivo, a falta de entidades especializadas en traballar con el, e que contén con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do proxecto.

O Fondo Galego xorde a finais do ano 1997 como expresión institucional desa crecente sensibilidade cidadá arredor das crises humanitarias e a pobreza mundial que percorreu o Estado español e Europa durante os anos 90, dos efectos sociais de tantas calamidades, catástrofes ou guerras, pero tamén para ir máis alá da mera urxencia e arbitrar programas sólidos e permanentes centrados no desenvolvemento estrutural desas comunidades que, a pesar de representar a maior parte da demografía mundial, van no furgón de cola da "nova economía".

CAPÍTULO 3. Obxecto

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento das actividades descritas no capítulo 4, consideradas actividades de interese social de carácter singular dado o colectivo ao que vai dirixido.

As actividades comprendidas neste convenio desenvolveranse entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2023.

Deste xeito, melloramos a eficiencia da xestión pública, facilitamos a utilización de medios e servizos públicos e contribuímos á realización de actividades de utilidade pública.

CAPÍTULO 4. Descrición do convenio:

Este convenio está dirixido a apoiar o proxecto APOIO Á SUSTENTABILIDADE DO CENTRO DE MENORES ESPERANZA DE KATEMBE (MOZAMBIQUE).

Mozambique ten actualmente unha poboación de 28 millóns de habitantes (último censo oficial de 2017). O país ten experimentado un crecemento socioeconómico importante, tras o final da guerra civil en 1992, mais o seu índice de Desenvolvemento Humano (IDH) continúa a ser un dos máis baixos do planeta, 180 entre os 189 países rexistrados na listaxe elaborado polo PNUD (informe de 2019).

A pobreza na sociedade mozambicana atinxe tres de cada catro mozambicanos, cerca de 60% subsisten con 1,25 dólares por día. A maioría vive en zonas rurais e practican agricultura de subsistencia, o que é moi vulnerábel atendendo ás condicións climáticas do país. As desigualdades sociais están moi marcadas, sobre todo nas áreas urbanas. Alén diso, rexístrase desigualdades de xénero, que teñen como orixe factores socioeconómicos, a denominada feminización da pobreza. Entre outros factores, hai que referir as carencias de educación básica, o aumento de número de familias sustentadas por mulleres, mais tamén cunha posición de subordinación ao home. Outros grupos vulnerables son a poboación infantil e as persoas con doenzas infecciosas e crónicas.

Segundo a Dirección de Muller e Acción Social da Cidade de Maputo DMAS (Dirección da Muller e da Acción Social da Cidade de Maputo), dependente do Ministerio do Goberno de Maputo, un dos factores que contribúen ao crecemento de menores en situación de máxima vulnerabilidade, ademais do VIH e outras enfermidades endémicas, como a malaria, foron a guerra e os desprazamentos desde todo o país á capital, a desestruturación familiar provocada polo abandono da muller e dos fillos/as por parte do marido, e a violencia de xénero. Esta institución posúe un Plan Nacional de Apoio a Menores, que ten como asunto prioritario a infancia vulnerable. No marco deste Plan, hai un programa de localización e reintegración familiar de menores perdidos ou abandonados -acción dificultada pola falta de inscrición no rexistro civil de moitos destes menores-, e un programa de adopción e tutela. Pero non todos os menores conseguen atopar á súa familia ou un fogar de acollida.

Por tanto, existen en Maputo centros públicos de día que atenden a estas nenas e nenos da rúa, e dous orfanatos ou centros de menores de titularidade pública, un deles é o Centro de Menores Esperanza, de Katembe.

O Centro de Menores Esperanza de Katembe, localizado no Barrio de Inguide, Distrito Municipal da Katembe- Cidade de Maputo, é unha Institución tutelada polo Instituto Nacional de Acción Social do Goberno de Mozambique, que alberga a nenas e nenos desfavorecidos provenientes de varios lugares e en distintas situacións de vulnerabilidade, como a malaria, foron a guerra e os desprazamentos desde todo o país á capital, a desestruturación familiar provocada polo abandono da muller e dos fillos/as por parte do marido, e a violencia de xénero. Esta institución posúe un Plan Nacional de Apoio a Menores, que ten como asunto prioritario a infancia vulnerable. No marco deste Plan, hai un programa de localización e reintegración familiar de menores perdidos ou abandonados -acción dificultada pola falta de inscrición no rexistro civil de moitos destes menores-, e un programa de adopción e tutela. Pero non todos os menores conseguen atopar á súa familia ou un fogar de acollida.

A situación do Centro de Menores é moi precario, non tendo oportunidade de ofrecer ás nenas e nenos os servizos básicos adecuados para o seu desenvolvemento. Non conta con instalacións suficientes e adecuadas, e o mesmo acontece co persoal ao coidado das crianzas. O Centro de Menores é sostido polo Goberno de Mozambique e mais tamén por doazóns que lle chegan desde diferentes Igrexas existentes na comunidade. Esta sería a primeira vez que recorren á financiación estranxeira para contribuír ao desenvolvemento das actividades do Centro a favor das nenas e nenos acollidos no mesmo. A falta de fondos levou á súa dirección a explorar a posta en marcha de actividades económicas que xeren ingresos para completar o orzamento necesario. Por iso, foron identificadas posibles actividades xeradoras de rendementos económicos e a súa viabilidade. Nesta liña, propónse a creación dunha unidade de cría de polos así como a creación de hortas, cun triplo obxectivo:

1. Contribuír á nutrición das nenas e nenos usuarios do Centro
2. Contribuír á sustentabilidade do Centro para garantir os dereitos de alimentación, saúde e educación das nenas e nenos usuarios
3. Garantir a formación das nenas e nenos en actividades agropecuarias, para que, unha vez cumprida a idade en que deben abandonalo (16 anos) e teñan que ser acollidos polas súas familias ou comunidades, teñan ferramentas suficientes para levar unha vida digna.

Serán realizadas as seguintes actividades dentro do proxecto:

1. Instalación dun galiñeiro para cría de galiñas e polos
Será instalado un galiñeiro para a cría de galiñas e polos, para o cal serán mercados os materiais precisos e 200 galiñas poñedoras e algún galo, para garantir a cría. Os ovos serán consumidos polas persoas usuarias do Centro de Menores e os excedentes vanse vender no mercado local para contribuír cos gastos de educación das nenas e nenos.

2. Creación de pequenas hortas para garantir a alimentación suficiente e saudable das e dos usuarios do Centro de Menores.
Serán creadas pequenas hortas en torno ao Centro de Menores que contribuirán a garantir unha alimentación adecuada e variada aos nenos e nenas que alberga o Centro. Os terreos nos que se van levar a cabo as hortas pertencen ao recinto do Centro de Menores. Os excedentes vanse vender no mercado local para contribuír cos gastos de educación das nenas e nenos.

3. Compra de material escolar e medicinas.
Será mercado material escolar, como materiais de papelería, libros e uniformes, así como medicinas, para o uso das nenas e nenos do Centro de Menores.

O control e seguimento do proxecto será garantido a través do envío de información de xeito mensual por parte do Centro de Menores ao Fondo Galego. Asemade, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade fará un monitoreo constante do proxecto a través de reunións mensuais por

videoconferencias. O Centro de Menores terá a obriga de enviar fichas de monitoreo mensuais coas correspondentes fotografías que demostran a execución das actividades. Así mesmo, dará asesoramento no caso de dificultades ou cambios no contexto do proxecto, e procurará pola visibilización do mesmo, a través de notas de prensa, publicacións na páxina web da entidade, nas redes sociais e no boletín mensual.

O control e seguimento do proxecto verase reforzado pola presenza, durante todo o mes de outubro, de un técnico do municipio de Boiro que está participando no programa de cooperación técnica Especialistas en Cooperar, na provincia de Maputo. Este técnico da área social fará visitas para coñecer mellor o entorno e os avances que se vaian producindo no proxecto.

A entidade se compromete tamén a colaborar co Concello de Ames en eventos conmemorativos organizados polo Concello e relacionados coa temática deste convenio.

Durante o período de vixencia do convenio, o Concello de Ames achegará:

- A achega económica reflectida.
- Recursos humanos: asesoramento en todo o relacionado co contido do convenio e do proxecto a desenvolver.

Durante o período de vixencia do convenio, o Fondo Galego achegará:

- Infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do proxecto, nos períodos que abrangue o convenio.
- A contratación do persoal necesario no marco da normativa aplicable vixente.
- Achega dos materiais que fosen precisos.
- Organización, xestión e execución do proxecto obxecto do convenio.

CAPÍTULO 5. Obrigas

Son obrigas da entidade Fondo Galego de Cooperación e solidariedade:

1º.- Acreditar antes da aprobación do convenio de colaboración a seguinte documentación:

- Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.
- Que a entidade está legalmente constituída e inscrita no Rexistro correspondente.
- Que nin a entidade nin o/a declarante están incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.

2º.- Realizar o proxecto obxecto deste convenio.

3º.- Presentar a seguinte documentación para a xustificación do convenio, con data límite do 15 de decembro de 2023:

- Declaración responsable sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas.
- Declaración responsable de non concorrencia con outras axudas municipais co mesmo obxecto.
- Memoria das accións desenvolvidas.
- Certificación de execución das actividades obxecto da subvención.
- Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago.

4º.- Outras obrigas

Somerase ás actuacións de comprobación e control previstas no parágrafo d) do apartado 1 do artigo 15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Remitir os informes, certificados e demais documentos que reclame o Concello, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

CAPÍTULO 6. Compromiso económico, obrigas e sistema de abono.

O Concello de Ames realizará unha achega económica de 1.500,00€, e con cargo á aplicación orzamentaria 2312.48021.

Aboarase nun único pago, unha vez que se aprobe a conta xustificativa presentada polo beneficiario.

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente. O importe a imputar na xustificación será o total da subvención concedida.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, dentro dos que se inclúen a contratación do persoal necesario e o pago dos seus salarios (incluída a seguridade social), os seguros necesarios para a cobertura da realización das actividades, gastos de xestión, comunicacións, publicidade, e outros gastos relacionados directamente coas actividades conveniadas.

Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio, e que se realizou no prazo establecido para o desenvolvemento do mesmo.

Os pagos en efectivo terán que axustarse ao límite que establece a normativa de aplicación en cada momento.

O artigo 22 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establece que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social será mediante a presentación das correspondentes certificacións administrativas positivas, expedidas polos órganos competentes. O artigo 24 da mesma norma permite a substitución das certificacións anteriores por unha declaración responsable, no caso de que a subvención financie proxectos de acción social e cooperación internacional que se concedan a entidades sen fins lucrativos.

Neste caso, as declaracións responsables substitúen a presentación das certificacións indicadas por tratarse dun convenio que financia un proxecto de acción social e cooperación internacional concedido a unha entidade sen fin lucrativo.

CAPÍTULO 7.- Causas de invalidez da resolución de concesión e reintegro

Serán causas de resolución da concesión da subvención as contempladas no art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no art. 36 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 32 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Serán causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

O artigo 30.8 da Lei xeral de subvencións establece que a xustificación insuficiente da subvención levará parello o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da dita lei. Segundo o artigo 37.1.c) da dita norma legal, no caso de xustificación insuficiente procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

CAPÍTULO 8 : Réxime sancionador.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.

De conformidade co artigo 58.b) da Lei xeral de subvencións constitúe infracción moi grave a non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas aos fins para os que a subvención se concedeu.

O artigo 66.3 da Lei xeral de subvencións establece que a competencia para impoñer sancións nas corporacións locais corresponde aos órganos de goberno que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local. A dita competencia correspóndelle ao alcalde en virtude da competencia residual do artigo 21.1.s) da Lei reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Ao abeiro do artigo 67 da Lei xeral de subvencións, a imposición das sancións en materia de subvencións efectuarase mediante expediente administrativo no que, en todo caso, darase audiencia ao interesado antes de ditarse o acordo correspondente e que será tramitado conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

CAPÍTULO 9 : Vixencia, revisión e resolución.

• Vixencia. O presente convenio supón a anulación de calquera convenio de data anterior e terá vixencia dende 01/01/2023 ata o 31/12/2023 referíndose a todas as actividades realizadas dende o comezo da vixencia, contidas no texto do documento.

• Revisión, causas e contidos. O convenio poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.

• Resolución. Nos casos contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do convenio de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.

CAPÍTULO 10: Avaliación, seguimento e interpretación.

No caso de detectarse incidencias ou dúbidas no desenvolvemento do convenio, estas serán tratadas a través dunha comisión composta por:

- A concelleira de Benestar social, Igualdade e Voluntariado.
- O técnico municipal representante do Concello de Ames no Fondo Galego de cooperación e solidariedade.
- O presidente da entidade Fondo Galego de cooperación e solidariedade (ou persoa en quen delegue).

De persistir as incidencias ou dúbidas, a interpretación das mesmas será resolta por Resolución de Alcaldía.

CAPÍTULO 11. Réxime de compatibilidades

A subvención concedida a través deste convenio será compatible con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención concedida a través deste convenio será incompatible con outra subvención para o mesmo proxecto, procedente de outra área ou outra concellería do Concello de Ames.

CAPÍTULO 12. Base de Datos Nacional de Subvencións

Este convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) seguindo as indicacións do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

CAPÍTULO 13. PUBLICIDADE

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións e aos seguintes aspectos.

As medidas de difusión do cofinanciamento deben consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, equipamento e mobiliario ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

CAPÍTULO 14: Natureza xurídica

O beneficiario queda sometido aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

CAPÍTULO 15: Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación de:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ames.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2023.

A subscrición do presente convenio non ten carácter contractual e non implicará relación contractual algunha entre o Concello de Ames e as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

O Concello de Ames será titular dos resultados obtidos no desenvolvemento deste programa.

Serán competentes para coñecer de cantos litixios puideran xurdir entre as partes, como consecuencia do presente convenio, os Xulgados do Orde Xurisdiccional Contencioso- Administrativo de Santiago de Compostela.

Para aqueles aspectos non previstos neste convenio será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; no Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ames e nas Bases de execución do orzamento do exercicio 2023.

E en proba de conformidade co anterior asinan este documento, por duplicado e a un só efecto, en Ames, o día da firma electrónica.

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer do crédito por importe de 1.500€ con cargo á aplicación orzamentaria 2312.48021 do orzamento municipal en vigor.

TERCEIRO (CIF)	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (CIF G-15629629)
OBXECTO SUBVENCIÓN NOMINATIVA	Apoio a sustentabilidade do centro de menores Esperanza de Katembre (Mozambique).
Importe concedido	1.500 €

CUARTO.- Notificar este acordo á entidade beneficiaria.

QUINTO.- Dar traslado aos servizos económicos aos efectos oportunos.”

O que se lle notifica aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá optar por:

1.- *Interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou esa resolución, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Se se opta pola interposición do recurso potestativo de reposición deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que teña recaída resolución en dito prazo entenderase desestimado, e poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación de dita resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.*

2.- *Interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición contencioso-administrativa.*

3.- *Interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.*

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo